

DOMINGO 04 PASCUA CICLO B

PRIMEIRA Feit 4, 8-12

Non se dá salvación en ningún máis

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Pedro, cheo do Espírito Santo, díxolles:

- Xefes do pobo e anciáns, xa que nos demandades polo favor feito a un enfermo e sobre o xeito como se curou, sabede todos vós e sáibao o pobo de Israel que é no nome de Xesús Cristo de Nazaret, a quen vós crucificastes e Deus resucitou de entre os mortos: por El está este home en pé e san diante de vós. El é a pedra que refugastes vós, os constructores, e que se converteu en pedra esquinal. En ningún outro hai salvación, porque non hai ningún outro nome baixo do ceo, dado aos homes, no que nos poidamos salvar.

SALMO RESP. Sal 117, 1 e 8-9. 21-23. 26 e 28cd e 29

R/ (22): *A pedra que desbotaron os canteiros convértese en pedra angular.*

Ou: *Aleluia*

Louvade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.
Mellor é acollerse ao Señor
que fiarse dos homes.
Mellor é acollerse ao Señor
que fiarse dos grandes.

Douche as grazas porque me escoitas:
ti es a miña salvación.
A pedra que desbotaron os canteiros
convértese en pedra angular.
Isto é cousa do Señor,
admirable feito á nosa vista.

Benditos os que veñen no nome do Señor:
bendicímosvos desde a casa do Señor.
Meu Deus, douche as grazas,
meu Deus, quero enxalzarte.
Louvade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

SEGUNDA 1 Xn 3, 1-2
Veremos a Deus tal como é

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Benqueridos irmáns e irmás:

Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade. Por iso o mundo non nos reconece: porque tampouco non o reconeceu a El. Meus amigos, xa somos fillos de Deus, pero aínda non está á vista o que seremos; sabemos que cando Xesús apareza, nós seremos coma el, xa que o veremos tal e como é.

ALELUIA Xn 10, 14
Eu son o bo pastor, di o Señor; coñezo ás miñas ovellas e elas coñecenme a min

DOMINGO 04 PASCUA CICLO B

EVANXEO Xn 10, 11-18
O bo pastor dá a súa vida polas ovellas

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dixo Xesús:

- Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. O criado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vir o lobo, deixa as ovellas e foxe e o lobo rapínaas e dispértaas; porque el anda ao xornal e as ovellas non lle importan. Eu son o Bo Pastor: coñezo as miñas e as miñas coñecenme a min. Igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai, e dou a miña vida polas ovellas. Teño ademais outras ovellas que non son deste curro: tamén a esas as teño que guiar, e escoitarán a miña voz e farase un único rabaño e un único pastor.

Por iso ámame o Pai: porque eu dou a miña vida, para tomala de novo. Ninguén ma quita; non, eu douna voluntariamente. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai.